



## **CIRCULAR 29-2022**

### **CONVOCATORIA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FGA 2021**

**Salón de actos da EGAP (Santiago de Compostela). Sábado, 26 de marzo de 2022.**

**Hora: 16:30 horas (1ª convocatoria) e ás 17:00 horas (2ª convocatoria).**

De acordo co que determinan os artigos 18º e 22º dos Estatutos da Federación Galega de Atletismo que obrigan, entre outros, a convocala con 15 días naturais de antelación e remitir con 7 días mínimos previos á documentación relativa á proposta do calendario deportivo; bases e regulamentos xerais das competicións; liquidación do orzamento do exercicio anterior e proxecto de orzamento do exercicio seguinte, por orde do presidente da FGA, **convócase á Asemblea Xeral Ordinaria, correspondente á tempada 2021 (aprazada por permiso outorgado pola Xunta de Galicia).**

### **ORDE DO DÍA**

1. Saúdo e benvinda do Presidente da FGA.
  - Lista de compoñentes.
  - Designación de dous delegados escrutadores.
2. Informe do Presidente da FGA.
3. Informe do Comité Galego de Xuíces da FGA.
4. Aprobación, se procede, da Acta da Asemblea Xeral anterior.
5. Estudo e aprobación, se procede, do Calendario de Competicións e normas técnicas da tempada 2022.
6. Aprobación, se procede, da liquidación definitiva do ano 2020.
7. Aprobación, se procede, da liquidación provisional do ano 2021.
8. Ratificación, se procede, da normativa de licenzas 2022 aprobada pola Comisión Delegada da Asemblea Xeral.
9. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento para o ano 2022.
10. Estudo e debate das propostas presentadas polos/as asembleístas e Órganos de Goberno da FGA.
11. Rogos e cuestións dos membros da Asemblea.

Prégase confirmación no email [secretaria@atletismo.gal](mailto:secretaria@atletismo.gal) antes do 18 de marzo do 2022, ás 20:00 horas.

A Coruña, a 3 de marzo de 2022



**Carlos Castro Vicente  
Secretario Xeral da FGA**

**VºBº Isidoro Hornillos Baz  
Presidente da FGA**



## PROPOSTA PARA A ASEMBLEA XERAL 2021

PROPOÑENTE: D°/Dª. \_\_\_\_\_

REPRESENTANTE DE (ESTAMENTO): \_\_\_\_\_

TEMA:

EXPOSICIÓN:

PROPOSTA:

DATA: \_\_\_\_\_ D.N.I.: \_\_\_\_\_ SINATURA:

Aceptada

Rexeitada

**Rexeitada por:** (Espazo a cubrir polo Secretario da FGA)

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS ATA O DÍA 18 DE MARZO DE 2022 ÁS 20:00H**

[secretaria@atletismo.gal](mailto:secretaria@atletismo.gal)



## **NORMATIVA EN VIGOR SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA XERAL DA F.G.A.**

### **I - FORMULACIÓN DE PROPOSTAS**

Art. 1º.- Unha vez convocada a Asemblea, os asembleístas poderán remitir as propostas ata o **día 18 de marzo de 2022 ás 20:00 horas**. Tódalas propostas deben ser enviadas por email ([secretaria@atletismo.gal](mailto:secretaria@atletismo.gal)) a través do modelo que se inclúe nesta circular. A FGA responderá ao propoñente a través do email confirmando a recepción da mesma. Será responsabilidade do propoñente asegurarse do envío da súa proposta.

Art. 2º.- Estas propostas seguirán un formato unificado no que se especificarán o nome do propoñente, estamento representado, o texto da exposición e a proposta final. Por cada proposta distinta que se formule enviarase un impreso diferente.

Art. 3º.- Recibidas todas as propostas en forma e prazo indicados, a Xunta Directiva realizará un estudo das mesmas, para admitir todas aquelas que polo seu contido deban ser presentadas para a súa aprobación na Asemblea Xeral. A Xunta Directiva na súa reunión previa á asemblea poderá efectuar e elevar novas propostas.

Art. 4º.- As propostas non aceptadas serán devoltas aos propoñentes cunha explicación escrita da causa da súa non aceptación.

### **II - DELIBERACIÓN DAS PROPOSTAS**

Art. 5º.- As propostas aceptadas serán expostas na Asemblea Xeral polos propoñentes durante non máis de 2 minutos, tralo cal o Presidente pedirá que se ergan os que desexen intervir, permitíndose ata un máximo de 2 quendas a favor e ata un máximo de 2 quendas en contra, cun prazo máximo de 2 minutos por cada intervención. Unha vez terminadas as intervencións, o Presidente cederá a palabra ao propoñente para que formule a proposta, co que se pasará á votación da mesma.

Art. 6º.- Durante o debate, poderán formularse emendas "in óbice" para axuntar criterios contrapostos. O Presidente poderá conceder 2 quendas a favor e 2 en contra das mesmas, de 2 minutos cada un, para proceder a seguir á súa votación.

### **III - VOTACIÓNS**

Art. 7º.- As votacións realizaranse na forma e pola orde que a Presidencia estableza, sendo ésta a que decida se han ser ordinarias, nominais ou secretas, se polo menos o 25% por cento dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a forma de votación decidirse por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral. Non caso de empate ou voto do Presidente será de calidade.

Art. 8º.- No caso de dúbida, a votación repetirase

Art. 9º.- O recuento de votos realizarano os 2 escrutadores escollidos pola Asemblea ao comezo da mesma.



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art. 10°. - As votacións non poderán interromperse baixo ningún concepto e mentres teña lugar a mesma, non poderá entrar nin saír da sala ningún dos membros da Asemblea.

Art. 11°. - Terminado o escrutinio o Secretario dará o resultado da votación



## MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL DA FGA

**PRESIDENTE:** Isidoro Hornillos Baz

### ESTAMENTO DE ATLETAS

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Candela Díaz Rivas Eugenia Gil Soriano Paula Iglesias Garnelo Esther Pedrosa Carrete José V. Rioseco López Mª Ángeles Rodríguez del Río Mauro Triana López	Marcos Cintrón Bellver José María Díaz Díaz	Javier Cid Vázquez Oscar J. Seoane Vázquez	Mar Chillón Caamaño Manuel Martínez Ageitos Sergio Paredes Padín Anxo B. Pérez Cougil Víctor Pérez Currás

### ESTAMENTO DE ADESTRADORES

GALICIA
Carlos Morales Velasco Santiago F. Saco Rivera Juan Luis Trillo Caamaño José Vicente Veiga Doldán

### ESTAMENTO DE XUÍCES

GALICIA
Eloy Bretal Cancelas Ángel López-Montesinos Vázquez Mª Concepción Pérez Cerdeira Guillermo Sandino Leira

### ESTAMENTO DE CLUBS

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Atlética A Silva Club Atletismo Carballo Club Atl. Coruña Comarca Clube AtLetismo Fene Club Atletismo Fontes do Sar Club Atletismo Millaraio Club Atletismo Narón Club Atletismo Negreira Clube Atletismo Olympo Club Atl. Ría Ferrol - CA. Club Atletismo Riazor Coruña Club Atletismo Santiago Club Atletismo Sar Club Compañía de María A C Club Marinada Atlético La Mochila del deporte	Club Atletismo Friol Club Atl. Franciscanos Lugo Club Polidep. Maristas Lugo Escuela Atlética Lucense Lugo Running by RL	Asoc. Dep. Atlética do Sil (ADAS) Asociación Deportiva Limiactiva Club Atletismo Arenteiro Club Atletas Veteranos Ourense Club Burgas Atletismo Ourense Club Carmelitas Ourense Club Deportivo Aurum Club Deportivo La Purísima Club Ourense Atletismo Esc. Atl. PA - Ben Cho Shey Ourenrunning	Agrupación Atlética Mazzi Agrup. Viguesa de Atletismo Club Atletismo A Estrada Club Atletismo Cuntis Club Atletismo Femenino Celta Club Atletismo Poio Club Atletismo Samertolomeu Club Atl. San Miguel de Marín Club Deportivo Pinarium Club Dep. San Paio A Estrada Clube Escola de Atletismo Deza Comesaña Sporting Club Real Club Celta Atletismo Sociedad Atlética do Trega Sociedad Atlética Val Miñor Soc. Gimnástica de Pontevedra